

:: Abrindo apetito



Os de Lumia, participantes no concurso, durante uns ensaios



Concerto de Árdelle O Eixo en Ribadulla, Vedra

SON VARIOS OS GRUPOS FOLK QUE LOITARON POLO POSTO DE ABRECONCERTOS PARA PODER ACOMPAÑAR A ANTONIO VEGA O LUNS

CINCO POR CINCO... IGUAL A UN

:: Música

Xabi Sanmartín • Santiago

A parte da actuación do grupo Grodan De-fló, gañadores da edición do anterior ano, os cinco participantes na final do concurso da emisora do Grupo Correo Gallego, mostran aquí o seu rostro en cinco trazos, cinco preguntas. Antes de tocar tres pezas en media hora, expoñen os seus puntos de vista, por rigorosa orde alfabética.

- 1-Grupos favoritos.
- 2-Como definen o seu estilo.
- 3-Aspiracións.
- 4-O seu mellor concerto.
- 5-¿Que momento vive o folk en Galicia?

Árdelle o Eixo

- 1-“Shooglenifty, Mercedes Peón, Martyn Bennet, Wolfstone, Laio, Kozmic Drown, Alasdair Fraser...”
- 2-“Facemos un estilo diverso, mestura de folk con música forte. Folk enérxico”.
- 3-“Desfrutar coa música, iso sobre todo... e coller osíxeno”.
- 4-“O que demos en Ortigueira e un en Guisamo cos Celtas Cortos”.
- 5-“Esperamos que o de agora sexa unha transición para cambiar a algo novo, algo que teña máis mestura de

estilos. Oxalá sexa para o inicio cara a unha nova moda...”

Brendam.

- 1-“Berrogüetto, Budiño, Chieftains, Mike Oldfield, Wolfstone, Gwendal...”.
- 2-“Facemos música celta con raíces galegas porque somos de aquí e queremos darlle un punto de orixinalidade. Ás veces tiramos cara ó jazz”.
- 3-“Pasalo ben e poder seguir así... e tamén tocar moito”.
- 4-“O concerto que demos na festa de San Mamede de Ribadulla deixounos contentos e tamén un que fixemos nunha rúa en medio de Malpica”.
- 5-“Hai moitos grupos e estivemos mellor do que estamos. Agora o boom apágase e traballamos para darlle outro tirón”.

Lugnasad.

- 1-“Berrogüetto, La Botine Souriante, Marcus Miller, Bela Fleck, Pat Metheny, Incubus, a Fundación Tony Manero...”
- 2-“Facemos folk de vangarda”.
- 3-“Tocar todo o que poidamos e o máis lonxe que poidamos”.
- 4-“Lembramos de xeito especial os que fixemos nos concursos anteriores de Radio Obradoiro e un que demos na Festa de Goián...”.
- 5-“Estamos nunha fase de decadencia en referencia ó que era hai uns anos. É certo que hai moitos grupos



Público asistente á anterior edición do concurso folk de Radio Obradoiro

pero o boom é mellorable”.

Lumia.

- 1-“Rolling Stones, Extremoduro, Pink Floyd, Silvio Rodríguez, Joaquín Sabina, Luis Eduardo Aute, Milladoiro, Berrogüetto...”
- 2-“Un amigo noso di que facemos *rockofolk*. Folk con influencias de jazz e de rock”.
- 3-“Queremos pasalo ben e divertir os nosos amigos”.

- 4-“Lembramos de xeito especial os concertos que facemos en pub pequenos como A Cova Cética, porque aí tes o público moi cerca”.
- 5-“Vivimos un momento de expansión, pillanse moitos discos pero falta unha industria discográfica estable, xa que só unha o dúas discográficas traballan a prol do folk”.

Xochilmica.

- 1-“Os Cempés, Berrogüetto, Susana

- Seivane, Budiño...”
- 2-“Moi particular, divertido e tamén explosivo”.
- 3-“Ir a modo meténdonos no mundo da música folk”.
- 4-“Un que demos na sala Nasa de Santiago”.
- 5-“Tivo un baixón grande pero o importante é que se manteña. Xa que hai unha base, o ideal é que evolucionen e saian grupos, que manteñan ese poder galego”. ●